

PLAN DE ACOLLIDA – CURSO 2021-2022

PRINCIPAIS MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO NAS **ENTRADAS E SAÍDAS**

A PARTIR DAS INSTRUCIÓN DO PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19

NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA

PARA O CURSO 2021-2022



CURSOS 4º, 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

XOVES DÍA 9 DE SETEMBRO

HORA DE ENTRADA: 11:45 h HORA DE SAÍDA: 14:00 h

O RESTO DO CURSO O HORARIO PARA OS TRES GRUPOS SERÁ DE 09:00 h a 14:00 h

REGULACIÓN DE CIRCULACIÓNS E DE ENTRADAS E SAÍDAS

A entrada será SEMPRES pola entrada principal a través dunha das portas da rexa habilitada só para estes tres cursos. No caso de que veña acompañado por algún familiar, lembre que non se permite a entrada deste ao centro, e non poderá cruzar este acceso.

A saída será tamén SEMPRES pola entrada principal.

Primeiro saíran **ordenadamente e respectando a distancia de seguridade, sempre baixo a supervisión do profesorado**, os alumnos/as que non se queden ao comedor, e no caso de que os veñan buscar serán recollidos (se é o caso) na rúa por un único familiar, baixo a supervisión dos profesores encargados para tal fin.

A continuación sairá do mesmo xeito o alumnado que faga uso do servizo do comedor, acompañados polos seus profesores ata o comedor, respectando a súa condición de grupo estable sen mesturarse entre eles e ocupando postos fixos por curso nas mesas baixo as normas de distanciamento e hixiene.

SÓ PARA ALUMNADO QUE FAGA USO DO SERVIZO DO COMEDOR:

Despois de comer e durante o mes de setembro, estes alumnos deberán ser recollidos (se é o caso) na porta principal por un único familiar ás 15:15 h

A partir de outubro, co comezo do servizo de garda e extraescolares, a hora de recollida (se é o caso) será na porta principal por un único familiar, segundo:

- a) Se non teñen actividades extraescolares ou non quedan na garda: **15:15 h**
- b) Se quedan só á primeira hora da garda: **16:30 h**
- c) Se quedan ás dúas horas de garda, ou teñen extraescolar a primeira e garda a segunda: **17:30 h**

IMPORTANTE: NINGUÉN PODE QUEDAR XOGANDO NO PATIO!

APARTADO 11.7. DO PROTOCOLO DA CONSELLERÍA, CURSO 2021 - 2022

“Non se permite que o alumnado na saída quede formando agrupacións nos patios ou que xogue nos mesmos, polo que se regularán as saídas directamente ao exterior do recinto.
O alumnado non debe formar agrupacións na vía pública fóra do recinto escolar.”

É MOI IMPORTANTE QUE SEXADES MOI PUNTUAIS NA RECOLLIDA DOS CATIVOS/AS

SE EXCEPCIONALMENTE ALGÚN DÍA NON PODEDES CHEGAR A TEMPO NA RECOLLIDA DEBEREDES AVISAR TELEFÓNICAMENTE AO TITOR/A DO VOSO FILLO/A ,

(Facilitarémvos os números de teléfono para tal fin).

A recollida do alumnado de extraescolares será regulada polos monitores das distintas actividades. Estas comezarán en outubro, polo que vos informaremos máis adiante.

IMPORTANTE:

MEDIDAS DIARIAS PREVIAS Á INCORPORACIÓN AO CENTRO EDUCATIVO

Para a detección precoz no alumnado, estes (ou os seus pais/nais/titores/as legais) realizarán unha avaliación dos síntomas de forma diaria, **que deberá realizarse cada mañá antes da chegada ao centro**, a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2.

Estes síntomas son:

- Respiratorios : febre maior de 37,5°C , tose seca, dificultade respiratoria.
- Outros síntomas: fatiga severa (cansazo), dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto, diarrea.
- Se conviviu nos últimos 10 días cunha persoa Covid-19 + confirmado.

De presentar calquera destes síntomas, os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase, solicitarán consulta co seu médico ou pediatra e comunicarán a súa ausencia ao colexio.